

**ETAPA: EDUCACIÓN PRIMARIA – CURSOS: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º****MATERIAS: TOTALIDADE**AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

## ➤ AVALIACIÓN

Será continua e formativa, de modo que permita detectar as fortalezas e dificultades de cada alumno/a para poder dar unha resposta individual dentro das posibilidades que ofrece esta situación que estamos a vivir.

- Procedementos: observación sistemática das actividades realizadas. Teranse en conta as tarefas feitas ata o día 13 de marzo, así como o traballo de repaso/reforzo e ampliación realizado a partir desta data sempre cunha valoración positiva.
- Instrumentos: rexistro/anecdótico semanal das actividades realizadas.

## ➤ CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final/global obterase da media entre a 1ª e a 2ª avaliación, tendo un peso do 50% cada unha delas. Poderase sumar ata un 1 punto no caso dunha implicación e participación axeitada nas tarefas da 3ª avaliación.

## ➤ PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO: Non procede nesta etapa.

## ➤ ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE

Tendo en conta a avaliación como un proceso continuo, superada a materia nun curso superior, dase por superada no curso anterior.

- Criterios de avaliación: criterios empregados para a avaliación da materia actual.
- Criterios de cualificación: se a cualificación deste curso é positiva, darase por superada a materia pendente.
- Procedementos e instrumentos de avaliación: os empregados para a avaliación da materia do curso actual.

#### ➤ CRITERIOS PARA A NON PROMOCIÓN

A non promoción de curso, considerada unha medida curricular extraordinaria, darase no caso de alumnado que teña en diferentes materias unha cualificación final/global de “insuficiente” (non tendo en conta o número de materias) logo do cálculo da media dos dous primeiros trimestres e da falta de participación e traballo no 3º trimestre.

Dita decisión será tomada en reunión co grupo de profesorado que lle imparte docencia e despois de que nas avaliacións anteriores se tratara o tema coa idea deste resultado.

Comunicarase ás familias e no vindeiro curso levarase a cabo un programa de recuperación e reforzo.